



O PLAN DE LECTURA DESDE A BIBLIOTECA: **A “HORA DE LECTURA”**

O centro, por motivos organizativos e de transporte, ten dividido o horario da ESO en trinta e tres horas semanais, en vez das trinta e dúas que corresponderían a esta etapa. A “hora 33” ten tido diferentes contidos, sempre relacionados con materias concretas, pero desde a entrada do centro no PLAMBE dedícase á lectura, con diferentes focaxes (en función do profesorado que a asome ou do nivel na que se imparte) e resultados. Co fin de mellorar a experiencia de cursos pasados e partindo do traballo realizado co alumnado, das súas dificultades e suxestións, así como dos informes do profesorado que a imparte, establecemos unhas directrices para o seu desenvolvemento.

PROFESORADO

O profesorado con dedicación á HORA DE LECTURA debería seleccionarse entre aqueles que manifesten interese na formación lectora, que se ofrezan voluntariamente e que asuman o compromiso do centro coa lectura, non sendo imprescindible que pertencen a departamentos de humanidades. Neste curso o profesorado que impartirá a Hora de Lectura será maioritariamente o departamento de Música, que colabora estreitamente co Equipo da Biblioteca, coordina os Contratos Programa e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística. Neste marco interdisciplinar e colaborativo recorrerá a organización da hora 33.

ESPAZO

Recomendamos que a HORA DE LECTURA se imparta preferentemente na biblioteca, aspecto que se deberá ter en conta á hora da confección dos horarios. As razóns son:

- procurar familiarizar ao alumnado coa biblioteca e coas normas de comportamento neste espazo singular.
- facilitar a formación de usuarios.
- dispoñer de cantos recursos relacionados coa lectura fornece o centro.

Por outra banda, a hora de lectura na aula non amosa ningún problema se o profesorado así o prefire por razóns organizativas ou pedagóxicas.

ESTRUTURA DA HORA

Ao longo da traxectoria da HORA DE LECTURA foise definindo un esquema de traballo que ten dado certos resultados, aínda que, naturalmente, é susceptible de ser modificado e mellorado. Suxerimos que o profesorado que a imparta combine as seguintes opcións:

- Programación que fornece a biblioteca e que se articula arredor eixes temáticos propostos para cada curso; textos literarios e fílmicos sobre os que se realizan unha serie de actividades que implican o adestramento nas competencias básicas (comprensividade, manexo de Internet, capacidade para a reflexión e o debate...)
- Lectura de libre elección polo alumnado, previo traballo de orientación e selección de textos, o que implica que o profesorado deberá apoiar aquelas suxestións do alumnado que xa ten experiencia lectora e intentará dar satisfacción ás demandas de todos, tendo en conta os gustos, os temas de interese, etc. Nesta opción, cada alumno escollerá as súas lecturas.
- Club de lectura, no que se realizará unha posta en común para a selección das lecturas e, a partir de aí, o intercambio de experiencias entre as que se poderían contar a confección e participación en foros de lectura na web, encontros con escritores, mesas redondas ou debates sobre temas, xéneros ou autores...
- Outros formatos: blogs e outras lecturas dixitais, prensa, banda deseñada, curtametraxes, documentais... nos que a comprensión, a síntese e a reelaboración serán as fases de traballo.

Durante este curso, a hora de lectura vai apoiar e complementar a campaña do PLAMBE, “Viaxes no tempo”, na que dedicaremos o primeiro cuadrimestre ao relato histórico e o segundo ao xénero da ciencia ficción. Este é o tema tamén do noso Club de Lectura. Traballaremos, pois, todos arredor desta temática, recomendando textos, decorando a biblioteca, realizando actividades extraordinarias, etc.

SUXESTIÓNS METODOLÓXICAS

1. É fundamental darlle protagonismo aos lectores e lectoras. Cando eles nos fan algunha suxestión sobre unha lectura debemos en conta e razoar a súa admisión ou rexeitamento.
2. Cada alumno e alumna ten o seu nivel de partida, os seus gustos e os seus intereses; dentro da dificultade que supón a diversificación, hai que intentar fomentala.
3. Non se debe pontificar sobre gustos literarios; aos doce, trece ou dezaioito anos ler é bo. Debemos reforzar as condutas lectoras; se un rapaz ou unha rapaza di que le unha revista musical ou de deportes, á

marxe do que opinemos sobre a calidade do medio louvaremos o interese que o achegou a el, indicáremoslle os enderezos electrónicos onde pode atopar máis información sobre o asunto e procuraremos que lea algo “diferente” aínda que emparentado co asunto.

4. As lecturas propostas non son un obxectivo en si mesmas; consideramos que é máis importante achegar ao texto, perderlle o medo, interesarse sobre un tema do que acadar un dubidoso obxectivo en relación cunha lectura concreta (os textos da nosa suxestión deben ser “pretextos”, é dicir, textos que sexan a antesala de novos textos).
5. Ao programa que suxerimos podería asociárselle unha serie de actividades de investigación que leven a completar a información sobre o tema do libro con calas noutros libros da biblioteca, noutras películas, sitios web, etc. Hai que procurar que esas calas estean auxiliadas polo profesor ou profesora, pero nelas o alumnado debe ser o máis autónomo posíbel.
6. Cando sexa o profesorado o que faga a proposta do texto, non debe ofrecer unha fotocopia ou un título “a pelo”; é necesario crear a necesidade de saber, a curiosidade polo tema, polo argumento, polo autor e non debemos ter escrúpulos: calquera elemento da experiencia previa do alumno pode servir de engado (unha película que viron, algo que lles pasou unha vez, o que leron no xornal, o que lles contaron na rúa, o que estudaron na aula...)
7. Un factor fundamental cando falamos de experiencias lectoras e de libros é o do noso propio entusiasmo cara os textos propostos que, indefectiblemente, se transmite ao alumnado. Dentro do que sabemos que é axeitado para o grupo, é importante que os textos nos gusten tamén a nós.
8. O profesorado que actualmente imparte a materia está particularmente interesado nos temas transversais e educación en valores, cuestión que queremos salientar, extraendo de cada lectura as cuestións relativas a xénero, consumo responsable, educación para a paz e a convivencia das culturas, etc.

VALORACIÓN DA HORA DE LECTURA NAS CUALIFICACIÓNS DO ALUMNADO

A participación e rendemento do alumnado na Hora de Lectura poden erixirse en criterio de avaliación nas materias da área de linguas, se o profesorado así o decide e se os proxectos didácticos respectivos o recollen, podendo requirir do profesorado que dirixe a Hora os informes pertinentes a ese efecto.